



XOVES, 2 DE NOVEMBRO DE 2023 | JUEVES, 2 DE NOVIEMBRE DE 2023 | BOP NÚMERO 209

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo profesor de frauta do conservatorio municipal de música, administración especial, subescala técnica, persoal laboral fixo, polo procedemento de oposición

ANUNCIO:

Lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo profesor de frauta do conservatorio municipal de música, administración especial, subescala técnica, persoal laboral fixo, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo.

Por resolución da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior núm. 2045 do dia 26 de outubro de 2023, resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das/dos aspirantes admitidas/os e excluídas/os do proceso selectivo “Profesor de frauta do conservatorio municipal de música, administración especial, subescala técnica, persoal laboral fixo, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo”, de acordo co seguinte detalle:

| ADMITIDO/A | | |
|------------------------|-----------|-----------------------|
| APELIDOS E NOME | DNI | EXENCIÓN EXAME GALEGO |
| PADÍN BLANCO, PAULA | ***875*** | SI |
| RAMOS SÁNCHEZ, VICENTE | ***236*** | NON |

Excluidos/as:

Ningún aspirante.

Segundo.- Determinar a composición da comisión de valoración, de acordo co seguinte detalle:

- Presidente:

Titular: Marcos Seoane Vilariño (director do conservatorio do Concello de Culleredo)

Suplente: Alís Polo Lamas (xefa de estudos do conservatorio do Concello de Culleredo)

(.../...)

- Vogais:

Titular: María José Ortúño Benito (persoal laboral fixo da Orquesta Sinfónica de Galicia)

Suplente: Soraya García Riveiros (funcionaria profesora do conservatorio de Ferrol)

Titular: Antonio Suárez Saavedra (profesor do conservatorio de música do Concello de Culleredo)

Suplente: Teresa Dieste Vilas (profesora do conservatorio de música do Concello de Culleredo)

Titular: Flora Dopico Bouzamayor (funcionaria da banda municipal do Concello de A Coruña)

Suplente: Olalla Pantín López (funcionaria profesora do conservatorio de Ferrol)

Titular.- Alberto García Noguerol (profesor do conservatorio de música do Concello de Culleredo)

Suplente.- Victoria Álvarez Acón (profesora do conservatorio de música do Concello de Culleredo)

- Secretario:

Titular: Don Jose Villán Fuentes (secretario xeral do Concello de Culleredo) ou funcionario/a que exerza a secretaría xeral.

Suplente: funcionario/a en quen delegue.

Terceiro.- Os membros do tribunal deberán abstenerse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorra algunha das circunstancias previstas, respectivamente nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- Convocar aos membros de tribunal para a constitución do mesmo o día 13 de novembro as **09.30 horas**, e aos aspirantes ás **10.00 horas** no salón de plenos do Concello de Culleredo sito na rúa do Concello núm. 12 para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

O que se publica aos efectos do disposto no punto 4.3 das bases específicas desta convocatoria.

Culleredo, 27 de outubro de 2023

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

R.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2023/8562